2. Compra de activos financeiros			
3. Outros pagamentos das actividades de investimento		557	13.086
Fluxos netos de efectivo por actividades de investimento (+C-D)		-34.823	
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO			
E) Aumento no patrimonio			
1. Achegas da entidade ou entidades propietarias			
F) Pagamentos á entidade ou entidades propietarias.			
1. Devolución de achegas e repartición de resultados á entidade ou entidades propietarias			
G) Cobramentos por emisión de pasivos financeiros		7	
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas		7	
H) Pagamentos por reembolso de pasivos financeiros			
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas			
Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamento (+E-F+G-H)		7	
IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN			
I) Cobramentos pendentes de aplicación		24.116	
J) Pagamentos pendentes de aplicación			
Fluxos netos de efectivo pendentes de clasificación(+I-J)		24.116	
V. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
VI. INCREMENTOS/DIMINUCCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I+II+III+IV+V)			
		455	
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO			
		2.035	2.490
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS			
		2.490	2.490



PORTOS DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2013 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

Durante o último exercicio, Portos de Galicia continuou centrando unha grande parte dos seus esforzos no desenvolvemento de actividades e prestacións de servizos aos usuarios e concesionarios, sen deixar de executar a construción de infraestruturas portuarias, aínda que nunha porcentaxe inferior que en exercicios precedentes.

Todo iso co obxectivo de conseguir unha sociedade galega máis cohesionada e buscando unha economía máis competitiva nos difíciles momentos que se están a dar dende o punto de vista do comercio e da actividade marítima en xeral, e sectores asociados, como a empresa auxiliar.

Para elo reforzáronse as estratexias de crecemento iniciadas nos anos 2010 e 2011, aumentando a capacidade competitiva co incremento da produtividade, da mellora da xestión, da valorización do seu capital humano e recursos materiais así como da implantación de novas tecnoloxías e, todo iso, co total respecto aos principios do desenvolvemento sostible.

Os tráficos comerciais e de pasaxeiros no exercicio 2011 confirmaron unha mellora da actividade, se ben a análise dos datos fan que as previsións sexan prudentes e se estime un lixeiro aumento na previsión dos ingresos, fundamentalmente nos tráficos de materias primas. Por outro lado o ano 2011 cambiou o comportamento descendente no sector pesqueiro con retrocesos nos últimos exercicios e alcanzou unha tonelaxe descargada de 108.392 toneladas, o 0,92% máis que en 2010.

O sector da náutica deportiva está soportando de xeito importante a actual crise económica, aínda que cabe significar que os diferentes desenvolvementos e actuacións na xestión do dominio público portuario favorecen a participación da iniciativa privada, nalgúns casos, con rendibilidades razoables na súa explotación, o que mesmo permitiu o establecemento de novas instalacións durante o ano 2011. Non obstante, a modificación da aplicación do IVE á alza neste sector e a repercusión das cotas de mantemento e custos, en xeral, aos amarristas podería incidir nunha baixada dos niveis de ocupación no próximo ano 2013 o que nos levaría a que os ingresos por taxa de embarcacións deportivas non acaden os niveis dos últimos exercicios.

Este escenario fixo que Portos de Galicia continuase, durante o exercicio 2011, unha rexeneración do espazo económico, social e deportivo dos portos e zonas de influencia a través de catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sostibilidade, eficiencia e I+D+i.

Deste xeito preténdese crear máis valor con menos impacto, o que se reflectiría en reducir o consumo dos recursos, minorar o impacto no medio natural e incrementar os servizos de valor de xeito sostible.

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendido como xeración de negocio e de recursos económicos, actuarase en:

- A transformación dos portos como meros elementos de carga e descarga de mercadorías e pesca en plataforma intermodal que posibilite a localización de novos procesos, que permitan aumentar o valor engadido das mercadorías, e que contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego, fomentando entre outros aspectos a xeración de chan loxístico.
- Potenciar a ampliación dos usos dos portos cara actividades especialmente relacionadas co ocio e o deporte, e contribuíndo, polo tanto, ao aumento do atractivo do litoral galego.
- Favorecer a interrelación porto-ciidade, desenvolvendo a planificación urbanística, que permita que os cidadáns vexan aos portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica.

Dentro da liña estratéxica de sostibilidade actuarase en:

- Estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión ambiental co obxecto de facilitar, a través da comunicación deste proceso, unha mellor comprensión do papel dos portos e os seus esforzos para chegar a un desenvolvemento sostible.
- Asegurar o máximo respecto ao medio.
- Incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como a seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia, actuarase en:

- Estimular a creatividade na realización dos procesos.
- Fomentar a comunicación entre a administración portuaria e os actores relevantes a nivel local (usuarios, clientes, público,...).
- Mellora e modernización dos servizos prestados nos portos buscando unha xestión áxil e eficaz das actividades portuarias.
- Adoptar medidas eficaces para a mellora da calidade ambiental.

Dentro da liña estratéxica de I+D+i, actuarase en:

- Continuar coa mellora substancial da xestión do sistema portuario, coa xeración de coñecemento e crear un clima favorable para a innovación en materias vinculadas á economía, loxística, enxeñería e a outras actividades relacionadas cos portos.
- Implantación de novas tecnoloxías que faciliten ó máximo a relación dos usuarios coa

administración portuaria.

- Desenvolvemento da administración electrónica.

Como consecuencia destes eixes, búscase a integración dos portos galegos nunha rede que permita a súa coordinación dentro dun sistema portuario competitivo, podendo así desenvolver as súas complementariedades.

Para poder levar a cabo estas liñas considérase conveniente manter as liñas de actuación definidas nos presupostos do 2012, as cales xa foron revisadas nese momento, e que foron reducidas fronte aos exercicios orzamentarios dos anos anteriores. Todo iso de acordo ademais, co establecido no Plan Estratéxico para Galicia 2010-2014, e dentro de Programa Gasto 513A-CONSTRUCCION CONSERVACION E EXPLOTACION PORTUARIA, desenvólvese un Programa denominado E.OE03.M13.- Portos. Modernización dos Portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades e a súa especialización.

1.1.1. 1.1.1. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

De acordo co establecido no Plan Estratéxico para Galicia 2010-2014, e dentro de Programa Gasto 513A-CONSTRUCCION CONSERVACION E EXPLOTACION PORTUARIA, desenvólvese un Programa denominado E.OE03.M13.- Portos. Modernización dos Portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades e a súa especialización.

Concretando dalgún xeito, este obxectivo xeral e continuando a xestión de 2011 e 2012, Portos de Galicia considera que deben de establecerse os obxectivos xerais seguintes:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	
Código	Descrición do obxectivo xeral
A	Consecución da dinamización económica, do crecemento e do emprego
B	Mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida.
C	Impulsar a economía do coñecemento
D	Promover a sostibilidade ambiental e o equilibrio territorial.
E	Conseguir unha Administración eficiente, moderna e próxima ao cidadán.

I.1.2. I.1.2. OBXECTIVOS OPERATIVOS

Como resultado dos obxectivos estratéxicos definidos no Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014, xorden os seguintes obxectivos operativos:

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
Código	Descrición do obxectivo operativo	Cuantificación	Programa da transferencia que o financia
AA	Mellora e ampliación de instalacións de abrigo e condicións xerais de acceso aos portos.	Investimento total ó ano 500.000 e	513A
AB	Dotación de equipamentos para actividades nos portos	1.500 metros cadrados de novos espazos para actividades pesqueiras nos portos autonómicos	513A
BA	Desenvolvemento da náutica recreativa galega nos portos	3 actuacións xerais nos portos.	513A
CA	Implantación da administración electrónica	200.000 € de investimentos anuais.	513A
DA	Incremento do atractivo do litoral galego e relacións porto-cidade.	4 actuacións en portos,	513A
EA	Dotación de infraestruturas para servizos xerais nos portos.	4 actuación nos portos.	513A

I.1.3. I.1.3. ACTUACIÓNS

ACTUACIÓNS				
Código	Actuación	Importe	(1)	(2)
001AA	Ampliación de peiraos	400.000	NON	NON
002AA	Mellora de canle de acceso aos portos.	350.000	NON	NON
001AB	Novas dotacións para actividades pesqueiras	550.000	NON	NON
001BA	Xeración de prazas de atraque para náutica recreativa	350.000	NON	SI
001CA	Novos procedementos na xestión de servizos xerais	150.000	NON	SI
001DA	Novos espazos de interrelación porto-cidade	350.000	NON	NON
001EA	Mellora de instalacións xerais nos portos	150.000	NON	NON
(1)A actuación está integrada nun plan de eido superior.				
(2)Actuación de fomento do I+D+I.				

I.1.4. I.1.4. PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

O programa de investimentos de acordo cos obxectivos a acadar vai encamiñado a través das seguintes liñas:

1.- Ampliación e mellora das infraestruturas marítimas.

Actuacións encamiñadas ao desenvolvemento e potenciación do transporte marítimo de mercadorías, a mellora da seguridade na operativa, atracción de novo tráfico e desenvolvemento do transporte intermodal. Deste xeito pretendemos que exista un transporte sostible alternativo á estrada e á potenciación do desenvolvemento das comarcas que favoreza a explotación dos recursos naturais que producen un maior volume de mercadorías.

2.- Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias.

Están destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres, no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercadorías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Inclúense tamén as de almacenaxe, loxística, distribución e reparación.

Iso redundará na execución das operacións en condicións de seguridade e máis rendementos levando a un maior desenvolvemento do entorno máis próximo e, en consecuencia, á xeración de máis emprego.

3.- Incremento do atractivo do litoral galego e mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias.

Para poder potenciar o uso das actividades turísticas, de lecer e deporte nas zonas onde se sitúan os portos e deste xeito desenvolve a industria auxiliar correspondente.

Actuacións para a implantación das infraestruturas nos portos, equipamentos e procedementos necesarios para unha xestión medioambiental eficaz, partindo da experiencia realizada no porto da Pobra do Caramiñal onde se implantou o sistema EMAS de xestión medioambiental, pioneiro nun porto galego, dentro do programa LIFE, e que continúa coa implantación nos portos da Zona Norte

4.- Ordenación xeral das zonas de servizo dos portos, mellora e modernización dos servizos xerais destes.

Deste xeito intentase facilitar o desenvolvemento de distintas actividades portuarias, evitando as interferencias entre estos, e ao mesmo tempo incrementar a seguridade das instalacións portuarias tanto na lámina de auga como nas superficies portuarias.

Ademais para ampliar, mellorar e modernizar as redes de servizos xerais dos portos, tales como abastecementos de auga, saneamento, subministro de enerxía eléctrica, combustible, telefonía e transmisión de datos, etc. Deste xeito, ademais de mellorar a calidade da prestación dos servizos e optimización dos consumos, perséguese a diminución dos gastos de explotación e, con iso, a optimización da xestión económica. Por iso estanse desenvolvendo neste sentido iniciativas en diferentes portos encamiñadas a mellora e modernización das redes de servizos.

Todo isto xunto co estudo do clima marítimo, medicións do comportamento do medio mariño (ondas, correntes,...), a instalación de equipamento do medio mariño complementada co equipamento tecnolóxico para o coñecemento de factores climáticos, de marea,... e coa implantación de novas tecnoloxías de control de información. Neste aspecto, levaranse a cabo investimentos para prototipos para o desenvolvemento de enerxías renovables, a mellora das redes de servizos portuarios e o equipamento tecnolóxico que permita o procesamento de datos técnicos, climáticos e medio ambientais nos portos, que se complementará coa xa existente nos de interese xeral galegos.

5.- Mellora da xestión organizativa do porto e adaptación as novas TIC.

Para poder conseguir o incremento da eficacia e da eficiencia dos portos e do propio sistema portuario, favorecendo unha relación áxil e cómoda dos clientes e usuarios coa administración portuaria e o uso das novas tecnoloxías da comunicación e información.

As actuacións incluídas no Plan de Investimentos (ficha EE.09A) resúmense nos seguintes programas de actuación:

INVESTIMENTOS						
Resumo Programa de Investimentos				Real	Estim.	Previsión
Código	Descrición	(1)	(2)	2010	2011	2012
1	AMPLIACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS MARÍTIMAS	NON	SI			1.308.936,51
2	MELLORA E MODERN. DO DESENVOL. DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS	NON	NON			6.140.054,41
3	INCREMENTO DO ATRACTIVO DO LITORAL GALEGO E MELLORA DA CALIDADE MEDIOAMBIENTAL DAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS	NON	NON			1.919.104,37
4	ORDENACIÓN XERAL DAS ZONAS DE SERVIZO E MELLORA E MODERNIZACIÓN DOS SERVIZOS XERAIS NOS PORTOS	NON	NON			674.939,71
5	MELLORA DA XESTIÓN ORGANIZATIVA E ADAPTACIÓN ÁS NOVAS TIC	NON	SI			409.561,50
			TOTAL			10.452.105,00

(1)A actuación está integrada nun plan de eido superior.
(2)Actuación de fomento do I+D+I.

I.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

I.2.1. I.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN INGRESOS

Na elaboración da previsión dos ingresos correntes para o exercicio 2013, tívose en conta non só as previsións feitas para o exercicio 2012 senón tamén os resultados reais do exercicio 2011, xa que a facturación ao peche do ano 2011 superou nun 1% as previsións realizadas, así como as estimacións de peche do exercicio 2012 das que se espera unha execución superior á prevista.

Ventas e explotación de servizos

Dentro deste importe atópanse os ingresos de natureza pública, correspondentes ás liquidacións das taxas pola prestación de servizos nos portos e polas ocupacións lucrativas do dominio público portuario. Istes ingresos intégranse dentro do patrimonio da entidade pública empresarial Portos de Galicia. Os importes previstos para os ingresos desta natureza, xunto con "outros ingresos de explotación", son os seguintes:

CONCEPTO	PREVISIÓN	PREVISIÓN	% VAR.
	2013	2012	
1.1 Actividade comercial	2.565.000	2.500.000	+2,6 %
1.2 Actividade pesqueira	4.850.000	4.600.000	+10,8 %

CONCEPTO	PREVISIÓN	PREVISIÓN	% VAR.
	2013	2012	
1.3 Actividade deportiva e de lecer	2.320.000	2.100.000	+10,5 %
1.4 Servizos e subministros diversos	2.826.000	2.596.000	+8,9 %
1.5 ACIS Actividades comerciais e industriais	1.000.000	1.000.000	0,0 %
1.6 Dominio público (Cánon concesións)	2.400.000	2.000.000	+20,0 %
TOTAL INGRESOS POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS	15.961.000	14.796.000	+7,9 %
2.1 Servizos profesionais (Dirección Obra)	350.000	400.000	-12,5 %
TOTAL INGRESOS POR SERVICIOS PROFESIONAIS	350.000	400.000	-12,5%
3.1 Outros ingresos da xestión ordinaria	70.000	70.000	0,0 %
TOTAL XERAL INGRESOS CORRENTES OU DE EXPLOTACIÓN	16.381.000	15.266.000	7,3 %

1.1.- Polo que se refire á actividade comercial e de mercadorías, a facturación das Tarifas X1, e X-2 correspondentes á entrada e atraque dos buques mercantes nos nosos portos parece que nestes cinco primeiros meses do ano 2012 está tendo unha tendencia similar á do ano anterior, polo que se espera unha facturación practicamente igual á prevista para o ano 2012, o redor de 740.000.-€ para a tarifa X-1 e 325.000.-e para a X-2.

En canto á previsión de facturación das descargas de mercadorías, Tarifa X-3, estímase un crecemento do 3,4% respecto do ano anterior, arredor de 1.500.000.- €, motivado sobre todo polo forte incremento de movementos de embarque de madeira e desembarque de minerais pola posta en funcionamento do novo atraque no porto de Brens en Cee.

En resumo espérase no seu conxunto un crecemento neste tráfico do 2,6% sobre o orzamento previsto inicialmente no ano anterior.

1.2.- En canto á actividade pesqueira, a evolución da tarifa X-4 neste ano 2012 indícanos que aínda que o valor da pesca en lonxa se mantén en datos do ano 2011, as Tn de peixe descargadas incrementáronse en máis dun 6% con respecto ao mesmo período do ano 2011. Tendo en conta o anterior e a facturación real do ano 2011, estimamos que as previsións para o ano 2013 poderán subir un 5,4% con respecto as previsións orzamentarias do ano 2012, quedando unha estimación de 4.850.000.- €.

1.3.- Polo que respecta á Tarifa X-5 tráfico deportivo e de lecer, estímase un incremento do 10,5% con respecto as previsións dadas para o ano 2012, e dicir facturarase arredor de 2.320.000.- euros, tendo en conta os ingresos reais de 2011 e as novas instalacións que se espera poñen en funcionamento ao longo do ano 2013.

1.4.- En canto á tarifa E-2 de almacéns, edificios e locais, as previsións indican un lixeiro crecemento de case o 2% ao recoller novamente nesta tarifa a facturación das ocupacións de superficie para festas e outros eventos de duración limitada.

No que se refire a E-3 de suministros, a facturación desta tarifa vén subindo desde o ano 2010 debido a un maior control na xestión dos suministros de auga e electricidade, así como pola actualización prevista para 2013 das contías no custo do m³ de auga espérase unha facturación próxima a 1.200.000.- € o que representa un incremento do 20% sobre o orzamento inicial do ano 2012.

1.5.- Polo que se refire á tarifa CIS de Actividades Comerciais, Industriais e de Servizos, espérase que se manteñan nas mesmas cifras que as do ano anterior (1.000.000.- €) debido fundamentalmente á ralentización e baixada da actividade económica dos concesionarios portuarios.

1.6.- En canto á facturación da, Taxa de Ocupación do Dominio Público Portuario TODP, as previsións indican un incremento do 20%, fundamentalmente pola actualización dos seus cánons, e por outra banda espérase facturar novas concesións das instalacións deportivas da Pobra, Sada e Muros, así como outras concesións de explotación de talleres e varada de embarcacións nos portos da illa de Arousa e Muros. A cifra de facturación estimada acada os 2.400.000.- €.

Ademáis dos ingresos previstos por prestación de servizos, recóllese o concepto "Outros ingresos de xestión ordinaria", que inclúe os ingresos tributarios polas taxas administrativas (4%) de dirección de obras que, dada a forte caída dos investimentos aos que está vencellada a súa execución, estímase unha cifra próxima aos 350.000 €, o que representa unha baixada nesta taxa do 12,5%. Por último, espérase liquidar polo concepto de outros ingresos de xestión corrente, que inclúe ingresos diversos e financeiros, a cifra de 70.000 €, similar á presupostada no ano anterior.

Con esta hipóteses de ingresos estímase que a previsión de facturación pola prestación de servizos portuarios para o vindeiro ano 2013 é de 15.961.000 €, que xunto cos 420.000 € correspondentes a "Outros ingresos da xestión ordinaria", acadaríase a cifra total de 16.381.000 €, o que supón un incremento do 7,3% en relación ao orzamento aprobado para o ano 2012.

Por último, estimouse a cifra de 14.807.701,68.- € na rúbrica de Transferencias e Subvencións correntes, que recollen o cálculo das subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio, así como a parte dos ingresos a distribuír dos bens adscritos, aumentando aproximadamente nun 11,9% sobre o ano anterior, calculado a partires das cifras de peche do exercicio 2011.

Polo tanto, a cifra total de ingresos de explotación por prestación de servizos portuarios mailas transferencias e subvencións traspasadas ao resultado do exercicio, ascende a 31.188.701,68 €

GASTOS

- Outros gastos de xestión ordinaria: O importe total deste epígrafe ascende á cifra

de 30.460.636,45 € que se reparte nos seguintes capítulos:

Gastos de persoal

Para a elaboración do orzamento correspondente a este capítulo seguíronse as instrucións da Dirección Xeral de Orzamentos. A dotación económica para o vindeiro ano 2013 ascende á cifra de 4.639.056,79.- €, que dá cobertura ós custos salariais para un cadro de persoal de 120 traballadores, das que 9 prazas están dotadas pero non cubertas, inclúe ademais os gastos de formación, que se manteñen nas mesmas cifras que o ano anterior.

GASTO PERSONAL		Nº EMPREGADOS	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO TOTAL	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO MEDIO	% VARIACIÓN ANUAL
REAL	2011	114	-3,4 %	4.390.522,63	-0,7 %	38.513,36	2,8 %
ESTIMADO	2012	114	0,0 %	4.010.060,70	8,7 %	35.175,97	-8,7 %
ESTIMADO	2013	120	5,3 %	4.639.056,79	15,7 %	38.658,81	+10 %

Servizos exteriores

Outros gastos de xestión (Servizos Exteriores): As cifras previstas para este capítulo acadan os 8.735.129,21.-€, o que representa un crecemento do 1,7% respecto do orzamento inicial aprobado para o ano 2012, e unha redución do 3% sobre o peche do ano 2011. Por partidas destacamos as variacións seguintes:

SERVICIOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2011	2012	2013
(20)	Arrendamentos	243.485,71	207.184,77	188.485,75
(21)	Reparacións e Conservación	1.760.454,71	1.600.617,51	1.975.782,28
(22)	Material, suministros e outros servizos	6.942.262,86	6.729.149,66	6.515.861,18
(23)	Indemnizacións por razón do servizo	53.496,55	53.496,75	55.000,00
TOTAL		8.999.699,83	8.590.448,69	8.735.129,21

Estímase unha redución na partida de arrendamentos do 9% respecto das estimacións de peche do presente exercicio 2012, debido á nova xestión de alugueres.

Mantense o crédito destinado á partida de Reparacións e Conservación das Instalacións Portuarias en relación ao presuposto inicial (1.990.698,40.-€) aprobado para o ano 2012, para atender ás necesidades de mantemento e conservación das instalacións portuarias.

A partida de material, suministros e outros, inicialmente se redécense nun 3,2% respecto das estimacións de peche do presente ano 2012, á espera da evolución ata final de ano dos consumos por suministros de enerxía eléctrica, dado que as previsións de peche

para este ano 2012 están por riba das previsións iniciais.

Dotacións para amortizacións

Dotacións para amortizacións do inmovilizado: Asíumese como cifra para o ano 2013 a rexistrada contablemente ao peche do exercicio 2011 recollida nas contas anuais, e que acadan a cifra de 17.081.450,45 €.

RESULTADOS:

De acordo co anteriormente exposto, e tendo en conta a contabilización dos ingresos a distribuír dos bens adscritos, o resultado previsto da conta de perdas e ganancias será positiva en 728.065,23.- €, sen embargo, obtense un resultado por conta corrente antes de amortizacións dun superavit de 3.001.814.- €, importe este que supera á dotación para amortización dos bens propios do Ente Público, que comparativamente co orzamento do ano anterior incrementa o resultado nun 93%, debido ao aumento dos ingresos correntes nun 7,3%, e á redución dos gastos correntes nun 2,4%.

1.2.2. 1.2.2. ORZAMENTO DE CAPITAL

ORIXES

Os recursos previstos para o exercicio 2013 acadan a cifra total de 10.452.105,00.- € e agrúpanse baixo dous grandes apartados: os recursos propios xerados polas operacións da actividade de Portos de Galicia e que configuran o grao de autonomía financeira dispoñible; e os recursos alleos, que son ingresos materializados en transferencias de capital destinados a financiar os investimentos en grandes infraestruturas, procedentes do programa operativo FEDER GALICIA 2007-2013, do FCI (Fondos de Compensación Interterritorial do Estado), e da subvención global fixada pola Comunidade Autónoma de Galicia (FCA).

Recursos propios

FONDO	ORZAMENTO 2013
Recursos procedentes das operacións (Resultado orzamentario - superavit)	3.001.814,00 €
Remanentes de Tesorería (Var. Fondo Manobra)	0,00 €
Total Fondos Propios	3.001.814,00 €

Subvencións de capital recibidas.

Este capítulo recolle o conxunto das subvencións e transferencias que recibe o Ente Público para financiar os gastos de capital, na súa meirande parte con carácter finalista, sitúase para o ano 2013 na cifra de 7.450.291,00.- €, cantidade que se reduce no 20,7 % respecto do orzamento aprobado para o ano 2012.

As transferencias de capital recollidas no proxecto de orzamentos para o ano 2013 teñen a seguinte procedencia:

SUBVENCIONS DE CAPITAL RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISION
	2011	2012	2013
DO ESTADO (FCI)	2.007.134,29	6.119.180,65	1.087.136,00
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	1.761.975,07	2.755.969,00	2.014.613,00
DA UNIÓN EUROPEA	3.055.819,58	7.203.224,14	4.348.542,00
TOTAL	6.824.928,94	16.078.373,79	7.450.291,00

FONDO	ORZAMENTO 2013
FEDER	4.348.542,00
F.C.I. (Cofinanciado)	1.087.136,00
TOTAL M.C.A.	5.435.678,00
F.C.I. (Libre)	0
F.C.A. (Fondos Comunidade Autónoma)	2.014.613,00
TOTAL INGRESOS POR TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	7.450.291,00

As transferencias procedentes do FEDER financian actuacións integradas no Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013, e teñen como obxectivo intermedio completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial que encadra dentro dos seguintes eixes prioritarios:

Eixe 4: Transporte e enerxía; Tipo de gasto 30: Portos. Ampliación e mellora da infraestrutura portuaria, prestando especial atención á calidade ambiental das instalacións e as operacións portuarias. A cifra prevista para este tipo de gasto acada os 2.843.540,00.- €, cunha taxa de financiamento do 80% de fondos Feder, e 20% de FCI. Inclúense actuacións cuxo obxectivo é o de mellorar a operatividade da rede de portos da Comunidade Autónoma, así como a ampliación e mellora das instalacións para o transporte marítimo.

Eixe 5: Desenvolvemento sostible local e urbano; Tipo de gasto 56: Protección e desenvolvemento do patrimonio natural (portos e instalacións náutico deportivos). A dotación prevista acada a cifra de 2.592.138,00.- €, cunha taxa de financiamento do 80% (FEDER) e 20% (FCI) para realizar actuacións dirixidas no ámbito da promoción e difusión de instalacións e servizos portuarios para a navegación deportiva e de lecer.

O resto de transferencias, vía Fondos da Comunidade Autónoma destinaranse á realización de infraestruturas portuarias recollidas no PAIF, a través dos seus programas de actuación para a consecución dos obxectivos fixados, e para este ano 2013 acadan a cifra de 2.014.613,00.- €.

As transferencias de capital recíbense vía o programa 50.01.513A.740.0 da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Estado de fluxos de efectivo.

Este cadro informa sobre a orixe e destino dos movementos líquidos habidos nos distintos fluxos de efectivo derivados das actividades de xestión, de investimento e de

financiamento.

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	2013
1. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN	
A) COBRAMENTOS: _	23.904.779,50
* Transferencias e subvencións recibidas	7.450.291,00
* Vendas netas e prestación de servizos	16.381.000,00
B) PAGAMENTOS:	13.379.186,00
* Gastos de persoal	4.639.056,79
* Outros gastos de xestión	8.740.129,21
Fluxos netos de efectivo por actividades de xestión (+A-B)	10.452.105,00
2. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO	0,00
C) COBRAMENTOS:	0,00
* Venta de investimentos reais	0,00
D) PAGAMENTOS:	10.452.105,00
* Compra de investimentos reais	10.452.105,00
Fluxos netos de efectivo por actividades de investimento (+C-D)	-10.452.105,00
3. FLUXOS NETOS DE EFECTIVO POR ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO	0,00
4. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN	0,00
5. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO	0,00
6. INCREMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I+II+III+IV+V)	0,00

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

O capítulo de Investimentos reais comprende os gastos a realizar directamente por Portos de Galicia en infraestrutura portuaria, así como os destinados á adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos seus servizos.

O orzamento de investimentos previsto no PAIF para a anualidade 2013 acada a cifra de 10.452.105,00.- € o que representa unha baixada do 4,6 % sobre o orzamento inicial aprobado para o ano 2012 (10.953.299,46.-€)

No referente ao soporte da dotación dos créditos incluídos neste capítulo hai que destacar os seguintes:

Os investimentos da anualidade do 2013 do Marco Comunitario de Apoio (MCA), cun montante total de 5.435.678,00.- €. Estes investimentos están financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e cofinanciados polo Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), previsto no marco 2007-2013, que se reducen nun 24,2 %.

As actuacións que Portos de Galicia ten programadas con cargo á subvencións fixada pola Comunidade Autónoma (FCA), redúcen nun 29,5 % quedando unha previsión para o ano 2013 de 2.014.613,00.- €.

Por último, as actuacións programadas con cargo ós fondos propios de Portos de Galicia acadan este ano a cifra de 3.001.814,00.- €, que se destinan realización de de novas obras incluídas nos distintos programas de actuación, ao pago de liquidacións finais de obras, e por último destínase a cifra de 409.561,50.- € para a anualidade 2013 da primeira fase do Plan de Sistemas Informáticos que recolle a posta en marcha de aplicativos de xestión e da administración electrónica, así como a adquisición de equipos informáticos e outro inmovilizado material.

○ importe dos recursos que se prevén obter mediante transferencias de capital ascenden a 7.450.291,00.- €, distribuídos como se explica no estado de orixes ou recursos. Non obstante, o importe das adquisicións de inmovilizado acadan a cifra total de 10.452.105,00.- €, financiándose a diferenza, é dicir, 3.001.814,00.- € con recursos da xestión ordinaria do exercicio corrente, xerados polo propio Ente Público.

○ reparto do orzamento de capital para o ano 2013 de acordo coa súa natureza económica é o seguinte:

ADQUISICIÓNS DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
	2011	2012	2013
Construcións de instalacións portuarias	14.686.020,26	14.946.065,90	10.042.544,45
Maquinaria, instalacións e utillaxe	103.754,24	0,00	0,00
Elementos de transporte	41.992,80	5.200,00	0,00
Moblaxe e equipamento	46.755,07	163.179,32	25.000,00
Equipos proceso de información	209.384,66	0,00	50.000,00
Outro inmovilizado material	66.327,98	0,00	0,00
Outro inmmobilizado inmaterial	30.599,65	219.599,42	334.561,05
TOTAL	15.184.834,66	18.334.044,66	10.452.105,00

A meirande parte das actuacións que se recollen no PAIF, atópanse vinculadas ao Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014.

II. AVANCE LIQUIDACIÓN 2012

A continuación sinálanse as principais desviacións que se prevén con relación aos Orzamentos de Explotación e de Capital do ano 2012 aprobados no seu día, explicando as súas causas.

II.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

As previsións de peche do exercicio 2012 realizáronse tomando como datos de partida a conta de explotación prevista nos orzamentos 2012, os datos que reflicten o peche definitivo do exercicio 2011, así como os datos provisionais da conta de explotación pechados ao mes de maio do presente exercicio.

A continuación sinálanse as principais desviacións.

1.- INGRESOS:

Da análise da evolución dos datos de facturación pechados nos primeiros cinco meses do ano, e a pesares da crise económica actual que afecta tamén aos tráficos portuarios, estímase unha cifra de ingresos totais de 16.527.364,45.- €, o que representa un incremento do 8,3% sobre os ingresos previstos.

A continuación explícase en detalle os conceptos máis importantes da facturación con reparto por actividades ou tráficos portuarios.

Vendas e Prestación de servizos: As previsións de ingresos a liquidar para este exercicio 2012 polas taxas portuarias acadan os 15.415.500,00.- €, dacordo co seguinte detalle:

CONCEPTO	ORZAMENTO 2012	PREVISIÓN E PECHE 2012	% VAR.
1.1 Actividade comercial	2.500.000	2.510.000	+0,4
1.2 Actividade pesqueira	4.600.000	4.850.000	+5,4
1.3 Actividade deportiva	2.100.000	2.350.000	+11,9
1.4 Servizos e sumministracións diversos	2.596.000	2.702.500	+4,1
1.5 ACIS Actividades comerciais e industriais	1.000.000	1.000.000	0
1.6 Dominio público (Canons concesionais)	2.000.000	2.000.000	-0
TOTAL INGRESOS POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS	14.796.000	15.412.500	+4,2

Actividade comercial: á vista do comportamento das tarifas X-1, X-2 e X-3 nestes cinco primeiros meses do ano, estímase unha facturación no seu conxunto similar á presupostada.

Actividade Pesqueira: Neste caso indicar que aínda que o prezo medio do peixe está sendo similar ao do pasado ano, os Kg de peixe descargado nas nosas lonxas está aumentando en relación ao ano anterior. De seguir esta tendencia poderíanse facturar ó redor de 4.850.000,00.- €, o que en termos de execución orzamentaria suporía 5,4 puntos por enriba da cifra presupostada.

Actividade deportiva: Tendo en conta os ingresos reais do ano 2011 que superaron de sobra as previsións para o ano 2012, e que xunto coas previsións de posta en marcha de novas instalacións en Cabo de Cruz, Muros e Escarabote, estimamos unha facturación próxima aos 2.350.000.- €, o que representa un 11,9% por enriba das cifras presupostadas.

Servizos e suministros diversos: As previsións de peche nestas tarifas indican un incremento no seu conxunto do 4,1% debido á facturación dos atrasos da tarifa E-2 de almacéns edificios e locais que se incrementan pola regularización de departamentos de armadores e exportadores que se viñan facturando como TODP.

Actividades Comerciais, Industriais e de Servizos (ACIS): A maioría da CIS de concesións factúranse a finais deste ano 2012, aínda así, tendo en conta as modificacións feitas na Lei 6/2003 que inclúe un incremento de medio punto na facturación dalgunhas concesións e a crise que probablemente afectará a algúns concesionarios, estimamos que se acadará o importe previsto inicialmente de 1.000.000.- €.

Dominio público: A cifra prevista de facturación para este ano 2011 é de 1.650.000.- €, o que representa un 17,5% por debaixo das previsións orzamentarias. Esta importante baixada vén dada por unha banda, polo efecto negativo das rebaixas derivadas da aplicación da nova Lei 6/2003 para este ano que afecta nesta taxa ás concesións das lonxas, fábricas de xeo e naves de redes, que se cuantifica nunha diminución da facturación de 180.000.-€, e pola outra, non se espera facturar as concesións das instalacións náuticas de Viveiro e Sada que supuxeron o pasado ano uns 100.000.-€ de ingresos.

En resumo, a cifra prevista da facturación ao peche deste exercicio por prestación de servizos acada os 15.412.500,00.-€, cifra equivalente ao 104,2 % de execución do seu orzamento, que recolle os ingresos de natureza pública, polas liquidacións das taxas portuarias, así como polas ocupacións do dominio público portuario.

Outros ingresos da xestión ordinaria: Recolle este concepto as previsións orzamentarias correspondentes ás taxas administrativas (4%) de dirección de obras, así como outros ingresos de xestión corrente que inclúe tamén os xuros bancarios. O importe previsto inicialmente para as taxas por dirección de obra máis outros ingresos foi de 470.000.- €, dos que se espera superar nun 28% as previsións iniciais debido ao cobro das taxas dos incorporados, e por outra banda facturáronse 513.000.- € na concesión do porto deportivo de Sada non previstos inicialmente, polo que se espera pechar unha cifra neste concepto próxima aos 1.115.000.- € o que representa un incremento do 137 %.

Transferencias e subvencións: Estímase a contabilización do epígrafe de subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio, e dos ingresos a distribuír dos bens recibidos en adscrición a cifra total de 14.807.701,68.-€, equivalentes á cifra de peche do exercicio anterior.

2.- GASTOS:

- Outros gastos de xestión ordinaria: Prevéese unha execución orzamentaria no seu conxunto do 95,6%, sobre a cifra inicialmente prevista (13.379.186,00-€) o que supón un aforro previsto neste concepto do 4,4 %, dacordo co comportamento das seguintes partidas:

Gastos de Persoal: Prevese un aforro de 632.368,91 € o que representa unha baixada do 13,6 % sobre un orzamento inicial de 4.639.056,79.- €, debido á amortización de 11 prazas do organigrama.

Outros gastos de xestión: A cifra de gastos correntes estímase en 8.781.316,33.-€, equivalente a unha execución do 100% do orzamento inicial. Destaca o incremento da partida de suministros de auga e enerxía eléctrica que se estima superior ás previsións orzamentarias.

- Por último no relativo ás dotacións para amortizacións do inmovilizado as previsións de peche están na liña da cifra rexistrada ao peche do ano anterior, que acadou a cifra de 17.081.450,45.- €.

3.- RESULTADOS:

De acordo co anteriormente exposto, e tendo en conta a contabilización dos ingresos a distribuír dos bens adscritos, estímase un resultado positivo de 1.460.611,45.- €, cun resultado das actividades ordinarias (antes de amortizacións e ingresos a distribuír) de 3.734.360,24.- €, como consecuencia dos maiores ingresos e menores gastos dos previstos.

II.2. ORZAMENTO DE CAPITAL

1.- ESTADO DE APLICACIÓNS:

Adquisicións de inmovilizado:

Os investimentos en inmovilizado estimados para o peche do exercicio sitúanse na cifra de 18.334.044,64.- €, equivalente ao 100% do orzamento actualizado (Inicial=10,9 M€ + Modificacións Orzam. = 7,4 M€ Total = 18,3 M€).

O importe dos recursos que se prevén obter mediante transferencias de financiamento de capital é de 16.778.373,79.-€, correspondentes ao 100 % de execución do orzamento actualizado (Inicial=10,9 M€ + Modificacións Orzam. = 7,4 M€ Total = 16,8 M€), distribuídos como se explica máis abaixo no estado de orixes ou recursos. Non obstante, o importe das adquisicións de inmovilizado é de 18.334.044,64.- €, financiándose a diferenza con recursos propios por importe de 1.555.670,85.- €.

2.- ESTADO DE ORIXES:

Recursos xerados polas operacións:

As previsións indican que o saldo por conta corrente, e dicir a diferenza entre os ingresos e gastos correntes orzamentarios acadan a cifra de 3.734.360,24.- €.

Transferencias e subvencións de capital:

○ importe previsto deste concepto de ingreso no orzamento de capital é de 16.778.373,79.- € que se distribúen en:

FONDO	ORZAMENTO ACTUALIZADO 2012	PREVISIÓNS EXECUCIÓN PECHE 2012	% DE EXECUCIÓN DE PECHE
FEDER + FCI que cofinancia (MAC)	13.322.404,79	13.322.404,79	100%
F.C.I. (Libre)	0,00	0,00	0%
F.C.A. (Fondos Comunidade Autónoma)	2.755.969,00	2.755.969,00	100%
Outros	700.000,00	700.000,00	100%
TOTAL INGRESOS POR TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	16.778.373,79	16.778.373,79	100%

III. LIQUIDACIÓN EXERCICIO ANTERIOR (2011)

A continuación sinálanse as principais desviacións que se produciron con relación aos Orzamentos de Explotación e Capital de 2011 aprobados no seu día, explicando as causas.

III.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

Da análise dos ingresos e gastos orzamentarios obsérvase que o saldo por conta corrente é dicir, a diferenza entre os ingresos e os gastos correntes acadaron a cifra de 2.696.469,48.- €.

Este aforro neto xunto cos remanentes de tesourería (var.cap.circ) por importe de 6.500.000,00.- €, financia a totalidade do déficit da conta de capital que ascende a 8.336.805,56.-€, obtendo así un superavit de financiamento por importe de 859.663,92.- € que se adicarán ao financiamento de novos investimentos.

A pesares do anterior, a conta de pérdas e ganancias presenta ao peche do exercicio un resultado negativo de 726.405,85.-€, debido á contabilización como gasto no debe da conta de resultados da cantidade de 17.081.450,45.- € en concepto de amortizacións do inmovilizado, dos que 2.103.688,68.- € pertencen ó inmovilizado recibido en adscripción e, polo tanto, en aplicación dos criterios establecidos na contabilidade financeira para o cálculo do resultado, estes tiñan que levar aparelada unha imputación como ingreso pola mesma contía, ó igual que se aplica no caso dos investimentos financiados con subvencións de capital, obtendo deste xeito un resultado positivo de 1.377.282,83.- €.

A continuación explicanse as diferenzas máis relevantes con respecto ás previsións orzamentarias do exercicio 2011:

1.- INGRESOS:

A cifra total de ingresos correntes (non inclúe o epígrafe de transferencias e subvencións traspasadas ao resultado do exercicio) acadou os 16.093.247,08.- € superando as previsións orzamentarias en case o 1%, cun incremento do 3% respecto do executado no ano anterior. Dos conceptos que compoñen a cifra de ingresos de explotación salientamos:

- Actuacións profesionais: O importe das taxas autoliquidadas polas direccións e inspeccións de obras, cifraron 352.136,57.- €, o que representa unha diminución do 58,9%, debido á vinculación directa desta taxa coa execución dos investimentos.
- Vendas e Prestación de Servizos: O importe facturado por este concepto acadou os 15.040.728,04.-€, o que representa un incremento do 0,7% sobre o orzamento inicial, aumentando un 3,2 % a facturación sobre o ano 2010. En termos de execución orzamentaria, e comparativamente sobre o ano anterior, as desviacións positivas máis salientables sobre o orzamento inicial producíronse en primeiro lugar, na tarifa X-5 embarcacións deportivas que, aínda cando non se acadaron as previsións, non obs-

tante á facturación aumenta nun 22% sobre os importes liquidados no ano anterior, debido fundamentalmente á retirada da bonificación do 20% así como á facturación de atrasos aos usuarios do porto deportivo de Sada. En segundo lugar a tarifa CIS de actividades industriais e de servizos non acada o 100 % da execución pero supera nun 17% o importe facturado no ano 2010, debido ás novas concesións outorgadas, así como ó cobro de atrasos en determinadas instalacións. En terceiro lugar a tarifa X-4 de pesca fresca cunha execución do 117%, aumentando nun 4% debido ó crecemento das descargas de peixe en lonxa cun prezo medio de venda lixeiramente superior ó do ano anterior. Pola contra, o tráfico comercial e de mercadorías (tarifas X-1, X-2 e X-3) aínda que no seu conxunto executouse o 97,6% o importe total facturado baixa nun 4,5% sobre o ano anterior, debido fundamentalmente ó descenso nas descargas. As tarifas específicas e suministros (E-1, E-2 e E-3) aínda cando en execución superan as previsións iniciais, non obstante a facturación baixa no seu conxunto nun 1,6 %, debido a axustes na facturación e cambios tarifarios a TODP. Por último, a execución orzamenaria dos cánons por concesións e autorizacións (TODP) acadaron o 87%, o que representa unha baixada do 6% sobre o ano anterior, debido á baixada das tarifas que afectan as concesións e autorizacións das lonxas, fábricas de xeo e naves de redes, así como pola baixada da facturación pola xestión directa das instalacións náutico-deportivas nos portos de Viveiro e Sada.

- Outros ingresos da xestión corrente: o importe facturado acadou os 700.382,29.-€, sendo o seu nivel de execución orzamentaria moi por enriba das previsións iniciais debido á contabilización das vendas de combustible e outros prezos privados derivados da xestión directa do porto deportivo de Sada. Recolle tamén este concepto de ingreso outros xuros e ingresos asimilados.
- Transferencias e subvencións: O importe previsto inicialmente das subvencións de capital a traspasar ao resultado do exercicio, incluía ademais unha estimación da cifra dos bens adscritos, que non se imputaron a resultados, ó non dispoñer o Ente Público a día de hoxe dun inventario que recolla a valoración de ditos bens recibidos en adscrición, tendo este factor incidencia no resultado contable explicado anteriormente.
- Ganancias e ingresos extraordinarios: O saldo desta conta ó peche do exercicio acada a cifra de 5.923.969,17.- €, correspondente aos dereitos recoñecidos derivados do outorgamento con data 4 de novembro de 2011 da concesión administrativa para a explotación das instalacións náutico-recreativas no porto de Sada por un importe de 5.764.791,00.- €.

2.- GASTOS:

En referencia aos gastos de funcionamento dos servizos ou gastos de explotación, estes acadan a cifra de 35.447.635,21.- €, cifra que supera nun 26,7 % á do ano 2010 cun grao de execución do próximo ó 100%. A partida con maior peso foi a dotación para amortización do inmovilizado que acadou a cifra de 17.081.450,45.-€, así como a contabilización de pérdas e gastos extraordinarios por importe de 4.969.407,20.- €. Os gastos presupostarios de maior crecemento relativo foron os suministros de enerxía eléctrica dentro da partida outros gastos de xestión e servizos exteriores que subiron nun 31,8%,

así como os traballos realizados por outras empresas que aumentaron nun 13,2% respecto do ano anterior.

A variación total do orzamento de gastos correntes respecto do orzamento actualizado foi do 21,8 %, que se explica no comportamento das seguintes partidas:

- Outros gastos de xestión ordinaria: A execución deste capítulo acada o 95% das previsións iniciais, e componse das seguintes partidas:

- Gastos de Persoal: As obrigas recoñecidas acadaron a cifra de 4.390.522,63.- € sobre un orzamento inicial de 5.087.976,09.- € cunha execución do 86,3%, que representa unha baixada do 1% sobre o ano anterior, ó non cubrirse a totalidade das prazas previstas aprobadas no organigrama. Posteriormente no ano 2012 e seguindo as recomendacións da auditoría realizada pola Dirección Xeral de Calidade e Evaluación Administrativa procedeuse á amortización e desdotación orzamentaria da maioría das prazas non cubertas.
- Dotacións para amortizacións do inmovilizado: Superáronse as previsións iniciais nun 13,9%, debido ó remate de distintas obras ás que lle escomenza o seu período de amortización.
- Outros gastos de xestión (servizos exteriores) : O nivel de execución deste epígrafe foi do 100 %, nel recóllense os principais gastos da explotación portuaria que acadaron a cifra de 8.999.699,87.-€, o que representa un incremento do 5,8% sobre o exercicio anterior, debido ao incremento do gasto enerxético así como ós gastos de limpeza e saneamento dos portos, e outras asistencia técnicas. Así mesmo baixan os gastos de conservación das instalacións (-16%), alugueres (-4%), indemnizacións por razón do servizo (-10%), material de oficina (-18,2%), comunicacións (-7,2%), así como outros servizos e gastos propios da explotación portuaria.

- Perdas e gastos extraordinarios: O saldo imputado nesta partida acada a cifra de 4.969.407,20.- € e correspóndense na súa maioría coas obrigas asumidas para o pago da indemnización polo lucro cesante ao concesionario salinte das instalacións náuticas do porto deportivo de Sada.

III.2. ORZAMENTO DE CAPITAL

As principais desviacións da execución do orzamento de capital con respecto ao previsto nos orzamentos aprobados do ano 2011 foron as seguintes:

1.- ESTADO DE APLICACIÓN:

Adquisicións de inmovilizado: Os investimentos reais levados a cabo durante o ano 2011 acadaron a cifra de 15.184.834,50.- €, o que representa un grao de execución do

65%, porcentaxe razoable neste ano tendo en conta o adianto do peche do exercicio a data 30 de setembro por parte da Consellería de Facenda, que paralizou as operacións de capital quedando a cifra de 7.061.660,00.- € pendentes de imputar ó orzamento. As porcentaxes de licitación e compromisos acadaron o 95,8%.

2.- ESTADO DE ORIXES:

Recursos xerados polas operacións: acadan a cifra de 3.651.031,49.- €, e superan as cifras estimadas no orzamento inicial, cunha porcentaxe de variación respecto do ano anterior do 52,02%.

Transferencias e subvencións de capital: as subvencións de capital devengadas ascenderon á cantidade de 6.848.028,94.- €, cantidade equivalente ó 46% do orzamento actualizado do exercicio. Os créditos definitivos inclúen modificacións de crédito por importe de 4.481.631,00.-€. A baixa execución das transferencias de capital, foi debido a orde de paralización das operacións de capital emitida o 29 de setembro pola Consellería de Facenda que trae consigo a paralización das operacións de capital que afectan aos meses de xullo a decembro, cunha repercusión orzamentaria de 7.061.660,00.- €, que de non terse producido, a porcentaxe de execución sería do 94%. Por fonte de financiamento obtemos as seguintes porcentaxes de execución orzamentaria:

FONDO	CRÉDITOS DEFINITIVOS	D.R.N. 31/12/2011	% DE EXECUCIÓN
101 FCA	2.900.000	1.761.975	61%
201 FCI (libre)	151.322	0	0%
301 FEDER - FCI	6.232.601	2.212.254	35%
605+606 INCORP.	5.581.631	2.850.700	51%
OUTROS	23.100	23.100	100%
TOTAL	14.888.654	6.848.029	46%

Por último, como consecuencia do anterior, no ano 2011 produciuse un exceso de aplicacións sobre os orixes de fondos, cunha diminución do capital circulante de 11.747.434,20.- € respecto do ano anterior.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2013				
PORTOS DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2011	ESTIMADO 2012	ORZAMENTO 2013
	A) Inmobilizado	329.304	330.556	323.927
	I. Invetimentos destinados ao uso xeral			
200	1. Terreos e bens naturais			
201	2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral			
208	3. Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural			
	II. Inmovilizacións inmateriais	358	395	547
210	1. Gastos de Investigación e desenvolvemento			
212	2. Propiedade industrial	3	3	3
215	3. Aplicacións informáticas	552	772	1.106
216	4. Propiedade intelectual			
217	5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro			
219	6. Inmobilizado inmaterial	2.585	2.585	2.585
(281)	7. Amortizacións	-2.782	-2.965	-3.147
	III. Inmovilizacións materiais	328.946	330.161	323.380
220, 221	1. Terreos e construcións	472.654	490.559	500.602
223	2. Instalacións Técnicas e Maquinaria	2.106	2.106	2.106
226	3. Mobiliario	1.039	1.233	1.258
227, 228, 229	4. Outro inmobilizado	1.273	1.288	1.338
(282)	5. Amortizacións	-148.126	-165.025	-181.924
23	IV. Invetimentos xestionados			
	V. Inmovilizacións financieras			
250, 251, 256	1. Carteira de valores a longo prazo			
252, 253, 257	2. Outros invetimentos e créditos a longo prazo			
260, 265	3. Depósitos e fianzas constituídos a LP			
(297)	4. Provisións			
27	B) Gastos a distribuír en varios exercicios			
	C) Activo circulante	17.315	10.652	10.652
	I. Existencias			
30	1. Comerciais			
31, 32	2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
33, 34	3. Productos en curso e semiterminados			
35	4. Productos terminados			
36	4. Subproductos, residuos e materiais recuperados			
(39)	6. Provisións			
	II. Debedores	15.996	10.602	10.602
43	1. Debedores orzamentarios	9.798	9.798	9.798
44	2. Debedores non orzamentarios	5.785	392	392
45	3. Debedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos			
470, 471, 472	4. Administracións públicas	842	842	842
550, 555, 558	5. Debedores varios			
(490)	6. Provisións	-430	-430	-430
	III. Invetimentos financeiros temporais			
540, 541, 546, (549)	1. Carteira de valores a curto prazo			
542, 543, 544, 545, 547, 548	2. Outros invetimentos e créditos curto prazo			
565, 566	3. Fianzas e depósitos constituídos a curto prazo			
(597), (598)	4. Provisións			
57	IV. Tesourería	1.319	50	50
480, 58	V. Axustes por periodificación			
	TOTAL XERAL (A + B + C) ...	346.619	341.209	334.579

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2013				
PORTOS DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2011	ESTIMADO 2012	ORZAMENTO 2013
	A) Fondos propios	326.621	330.752	324.123
	I. Patrimonio	343.197	345.867	338.510
100	1. Patrimonio			
101	2. Patrimonio recibido en adscrición	348.074	350.745	343.387
103	3. Patrimonio recibido en cesión			
(107)	4. Patrimonio entregado en adscrición			
(108)	5. Patrimonio entregado en cesión			
(109)	6. Patrimonio entregado ao uso xeral	-4.877	-4.877	-4.877
11	II. Reservas			
	III. Resultados de exercicios anteriores	-15.850	-16.576	-15.115
120	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	2.336	2.336	2.336
(121)	2. Resultados negativos de exercicios anteriores	-18.186	-18.912	-17.452
129	IV. Resultados do exercicio (positivo ou negativo)	-726	1.461	728
14	B) Provisións para riscos e gastos			
	C) Acredores a longo prazo	3	3	3
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables			
150	1. Obrigacións e bonos			
155	2. Débedas representadas en valores negociables			
156	3. Xuros de obrigas e outros valores			
158, 159	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Outras débedas a longo prazo	3	3	3
170, 176	1. Débedas con entidades de crédito			
171, 173, 177	2. Outras débedas			
178, 179	3. Débedas en moeda estranxeira			
180, 185	4. Afianzamentos e depósitos recibidos a longo prazo	3	3	3
259	III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos			
	D) Acredores a curto prazo	19.995	10.454	10.454
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables			
500	1. Obrigacións e bonos a curto prazo			
505	2. Débedas representadas noutros valores negociables			
506	3. Xuros de obrigacións e outros valores			
508, 509	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Débedas con entidades de crédito			
520	1. Préstamos e outras débedas			
526	2. Débedas por xuros			
	III. Acredores	19.853	10.312	10.312
40	1. Acredores orzamentarios	6.715	8.664	8.664
41	2. Acredores non orzamentarios	12.877	1.386	1.386
45	3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos			
475, 476, 477	4. Administracións Públicas	202	202	202
521, 523, 529	5. Outros acredores			
550, 554, 559	6. Afianzamentos e depósitos recibidos a corto prazo	59	59	59
485, 560, 561, 585	IV. Axustes por periodificación	142	142	142
	TOTAL XERAL (A + B+ C + D) ...	346.619	341.209	334.579

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2013				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
PORTOS DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. GASTOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2011	ESTIMADO 2012	ORZAMENTO 2013
71	1. Redución de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	2. Aprovisionamentos			
600, (608), (609), 610	a. Consumo de mercadorías			
601, 602, (608), (609), 611, 612	b. Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
607	c. Outros gastos externos			
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	30.478	29.874	30.461
	a. Gastos de persoal	4.324	3.952	4.585
640, 641	a.1) Soldos e Salarios	3.375	2.994	3.536
642, 644	a.2) Cargas sociais	948	959	1.049
645	b. Prestacións sociais	67	54	54
68	c. Dotacións para amortizacións de inmovilizado	17.081	17.081	17.081
	c.1 de inmovilizado inmaterial	183	183	183
	c.2 de inmovilizado material	16.899	16.899	16.899
	d. Variacións das provisións de tráfico			
693, (793)	d.1 Variacións das provisións de existencias			
675, 694, (794)	d.2 Variacións das provisións e perdas de créditos incobrables			
	e. Outros gastos de xestión	9.000	8.781	8.735
62	e.1 Servicios exteriores	8.992	8.716	8.728
63	e.2. Tributos	8	66	7
676	e.3. Outros gastos de xestión correntes			
	f. Gastos financeiros e gastos asimilados	7	5	5
661, 662, 663, 665, 669	f.1 Por débedas	7	5	5
666, 667	f.2 Perdas de investimentos financeiros			
696, 698, 699, (796), (798), (799)	g. Variacións das provisións de investimentos financeiros			
668	h. Diferencias negativas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións			
650	a. Transferencias correntes			
651	b. Subvencións correntes			
655	c. Transferencias de capital			
656	d. Subvencións de capital			
	5. Perdas e gastos extraordinarios	4.969		
670, 671	a. Perdas procedentes do inmovilizado			
674	b. Perdas por operacións de endebedamento			
678	c. Gastos extraordinarios	4.816		
679	d. Gastos e perdas doutros exercicios	154		
	TOTAL GASTOS	35.448	29.874	30.461
	AFORRO		1.461	728

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2013				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
PORTOS DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. INGRESOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2011	ESTIMADO 2012	ORZAMENTO 2013
	1. Ventas e prestacións de servizos			
700, 701, 702, 703, 705	a. Ventas			
705, 741, 743 (708), (709)	b. Prestacións de servizos			
71	c. Devolucións e rappels sobre vendas			
	2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	3. Outros ingresos da xestión ordinaria	16.093	16.527	16.381
72, 73, 740, 743	a. Ingresos tributarios	15.393	15.924	16.311
773	b. Reintegros			
78	c. Traballos realizados pola entidade			
	d. Outros ingresos de xestión	633	596	65
775, 776, 777	d.1 ingresos accesorios e outros de xestión corrente	633	596	65
790	d.2 excesos de provisións de riscos e gastos			
760	e. Ingresos de participacións en capital			
761, 762	f. Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado			
	g. Outros xuros e ingresos asimilados	67	7	5
763, 765, 769	g.1 Outros xuros	67	7	5
766	g.2 Beneficios en investimentos financeiros			
768	h. Diferencias positivas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	12.704	14.808	14.808
750	a. Transferencias correntes			
751	b. Subvencións correntes			
755	c. Transferencias de capital			
756	d. Subvencións de capital	12.704	14.808	14.808
	5. Ganancias e ingresos extraordinarios	5.924		
770, 771	a. Beneficios precedentes do inmovilizado			
774	b. Beneficios por operacións de endebedamento			
778	c. Ingresos extraordinarios	5.924		
779	d. Ingresos e beneficios doutros exercicios			
	TOTAL INGRESOS	34.721	31.335	31.189
	DESAFORRO	726		

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2013			
Formulario EP.04			
PORTOS DE GALICIA			
ORZAMENTO DE CAPITAL	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2011	ESTIMADO 2012	ORZAMENTO 2013
I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN			
A) Cobramentos:	28.865	33.306	23.831
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais			
2. Transferencias e subvencións recibidas	6.848	16.778	7.450
3. Vendas netas e prestacións de servizos	22.017	16.527	16.381
4. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes			
5. Intereses e dividendos cobrados			
6. Outros cobramentos			
B) Pagamentos:	18.366	12.793	13.379
1. Gastos de persoal	4.391	4.007	4.639
2. Transferencias e subvencións concedidas			
3. Aprovisionamentos			
4. Outros gastos de xestión	9.006	8.786	8.740
5. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes			
6. Intereses pagados			
7. Outros pagamentos	4.969		
Fluxos netos de efectivo por actividades de xestión (+A-B)	10.499	20.513	10.452
II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
C) Cobramentos:			
1. Venda de investimentos reais			
2. Venda de activos financeiros			
3. Outros cobramentos das actividades de investimento			
D) Pagamentos	22.246	18.334	10.452
1. Compra de investimentos reais	22.246	18.334	10.452
2. Compra de activos financeiros			
3. Outros pagamentos das actividades de investimento			
Fluxos netos de efectivo por actividades de investimento (+C-D)	-22.246	-18.334	-10.452
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO			
E) Aumento no patrimonio			
1. Achegas da entidade ou entidades propietarias			
F) Pagamentos á entidade ou entidades propietarias.			
1. Devolución de achegas e repartición de resultados á entidade ou entidades propietarias			
G) Cobramentos por emisión de pasivos financeiros			
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas			
H) Pagamentos por reembolso de pasivos financeiros			
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas			
Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamento (+E-F+G-H)			
IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN			
I) Cobramentos pendentes de aplicación			
J) Pagamentos pendentes de aplicación			
Fluxos netos de efectivo pendentes de clasificación(+I-J)			
V. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
VI. INCREMENTOS/DIMINUCCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I+II+III+IV+V)			
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	-11.747	2.179	
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS			



CONSORCIOS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico.

O sector público autonómico, ademais de pola propia Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, está integrado polas seguintes entidades:

- a) Entidades públicas instrumentais dependentes da Administración xeral ou doutras entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia: os Organismos Autónomos, as Axencias públicas autonómicas, as Entidades públicas empresariais e os Consorcios autonómicos.
- b) Outras entidades instrumentais respecto das que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia exerce xuridicamente, de forma directa ou indirecta, unha posición de dominio, entendendo como tal, para estes efectos, aquela na que se exerce un control análogo ao dos propios servizos da Administración: Sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións do sector público autonómico.

Estas entidades teñen personalidade xurídica propia e diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, contan con patrimonio e tesouraría propios e gozan de autonomía de xestión nos termos establecidos na lei.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pode constituír, mediante convenio, consorcios con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Teñen a consideración de consorcios autonómicos aqueles consorcios nos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou a través das entidades instrumentais reguladas nesta lei, achegase maioritariamente os medios necesarios para a súa constitución e funcionamento ou se comprometese, no momento da súa constitución, a financiarlos maioritariamente, sempre que a actuación dos seus órganos de dirección e goberno estea suxeita ao poder de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutra entidade instrumental do sector público autonómico.

O orzamento dos consorcios autonómicos é estimativo ao abeiro do disposto no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeira e Orzamentaria de Galicia. A súa conversión orzamentaria é indicativa.

Os estados financeiros non reflicten o impacto das medidas contempladas no título II, da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013,

agás os do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Será necesaria a súa rectificación polos órganos de goberno dos consorcios autonómicos, debendo realizar a adecuación conforme o previsto na disposición adicional sexta da Lei.

Os consorcios autonómicos que integran este orzamento para o 2013 son as que se relacionan a continuación:

1. Consorcio Instituto De Estudos Turísticos De Galicia
2. Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento
3. Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento
4. Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras
5. Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín
6. Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Limia
7. Consorcio Contra Incendios e Salvamento das Comarca de Deza e Tabeirós-Terras de Montes
8. Consorcio Casco Vello de Vigo
9. Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia
10. Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia
11. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
12. Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

A continuación reproducense os estados financeiros dos consorcios autonómicos para o orzamento do ano 2013:

(En miles de euros sen decimais)			
	REAL 2011	EST 2012	PREV 2013
1.Gastos de persoal	39.041	36.555	40.347
1.1. Dos cales: gastos de Seguridade Social	8.631	9.245	9.248
2.Gastos en bens correntes e servicios	27.518	34.847	39.268
3.Gastos financeiros	8	20	7
3.1. Xuros	1	1	1
3.2. Resto de gastos financeiros	7	19	6
4.Transferencias correntes	277	239	125
4.1. Ao Sector Público	154	139	125
- Ao Estado			
- A Organismos da Administración Central, (especificar)			
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma			
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP			
. OOA da C.A. (Especificar)			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP (Anexo 1)			
. Universidades de la C.A.			
- A Entidades Locais	152	137	123
- A Consorcios	2	2	2
- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP			
- Ao resto de entidades do sector público			
4.2. Ao sector privado	122	100	
- Feoga-Garantía			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL	122	100	
6. Investimentos reais	13.187	13.833	7.757
6.1. Terreos			
6.2. Inmovilizado Inmaterial	2.545	591	249
6.3. Investimentos efectuados a través de sociedades instrumentais			
6.4. Investimentos efectuados por encargo a través de Sociedades Públicas	161	325	404
6.5. Resto de investimentos reais	10.480	12.916	7.104
7.Transferencias de capital	221	176	
7.1. Ao Sector Público	73	79	
- Ao Estado			
- A Organismos da Administración Central, (especificar)			
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma			
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP			
. OOA da C.A. (Especificar)			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP			
. Universidades de la C.A.			
- A Entidades Locais	73	79	
- A Consorcios			

- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP			
- Ao resto de entidades do sector público			
7.2. Ao sector privado	148	97	
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL	148	97	
TOTAL NON FINANCEIRO	80.251	85.669	87.504
8. Activos financeiros	1.860		
8.1. Aportacións de capital a entidades da C.A. en AAPP			
8.2. Resto de activos financeiros	1.860		
9. Pasivos financeiros		161	
TOTAL	82.110	85.830	87.504

(En miles de euros sen decimais)			
	REAL 2011	EST 2012	PREV 2013
3. Tasas e outros ingresos	8.774	9.914	10.777
3.1. Taxas académicas			
3.2. Outras taxas e precios públicos	7.135	8.681	9.024
3.3. Outros ingresos	1.639	1.233	1.753
4. Transferencias correntes	60.098	61.036	69.809
4.1. Do Sector Público	60.095	61.036	69.809
- Do Estado			
- De Organismos da Administración Central (ESPECIFICAR)			
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma	50.529	52.020	50.618
- De Entidades da C.A. recollidas no sector AAPP	3.970	3.562	3.780
. OAAA da C.A. incluídos en AAPP	342	243	443
. Sociedades e Entes Públicos da C.A.			
. Universidades da C.A.	3.629	3.319	3.337
- Das Entidades Locales	5.594	5.451	15.409
- Dos Consorcios	2	2	2
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP			
- Do resto de entidades do sector público			
4.2. Da Unión Europea	3		
- Do Fondo Social Europeo			
- Outras de la Unión Europea(ESPECIFICAR)	3		
4.3. Do Sector privado			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL			
5. Ingresos patrimoniais	195	233	111
5.1. Xuros	192	222	100
5.2. Outros ingresos patrimoniais	3	11	11
6. Alleamento de investimentos reais	333		
6.1. Terreos			
6.2. Resto de investimentos reais	333		
7. Transferencias de capital	5.164	8.842	6.806
7.1. Do Sector Público	5.164	8.842	6.806
- Do Estado			
- De Organismos da Administración Central (ESPECIFICAR)			
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma	4.166	4.757	6.803
- De Entidades d C.A. incluídas no sector AAPP	970	3.832	
. OAAA da C.A. incluídos en AAPP	970	3.832	
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP			
. Universidades da C.A.			
- Das Entidades Locais	28	254	4
- Dos Consorcios			
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP			

- Do resto de entidades do sector público			
7.2. Da Unión Europea			
- Do FEDER			
- Outras da Unión Europea			
7.3. Do Sector privado			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL			
TOTAL NON FINANCEIRO	74.565	80.026	87.504
8. Activos financeiros	-19		
8.1. Remanente de Tesorería	-19		
8.2. Outros activos financeiros			
9. Pasivos financeiros	161		
TOTAL	74.707	80.026	87.504


En canto aos orçamentos para o 2013 conforme á clasificación económica, tanto dos ingresos coma dos gastos é o seguinte:

ORZAMENTO DE GASTOS	
CAPÍTULO	ORZAMENTO 2013
Cap I.- Gastos de Persoal	39.071.388
Cap II.- Gastos en bens correntes e servizos	40.267.734
Cap III.- Gastos financeiros	7.051
Cap IV.- Transferencias correntes	124.709
Cap VI.- Investimentos Reais	7.757.323
Cap VII.- Transferencias de Capital	100
Cap VIII.- Activos Financeiros	0
Cap IX.- Pasivos financeiros	0
Total	87.228.305

ORZAMENTO DE INGRESOS	
CAPÍTULO	ORZAMENTO 2013
Cap III.- Taxas e Prezos	10.777.054
Cap IV.- Transferencias correntes	69.534.032
Cap V.- Ingresos do Patrimonio	111.100
Cap VI.- Alleamento de investimentos reais	0
Cap VII.- Transferencias de capital	6.806.119
Cap VIII.- Activos Financeiros	0
Cap IX.- Pasivos financeiros	0
Total	87.228.305

CONSORCIOS PÚBLICOS	CAPÍTULOS								
ORZAMENTO DE GASTOS	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	3.474	266				355			
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	33.415	24.294	5			6.604			
Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento Comarca de Valdeorras	88	851	1			15			
Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento Comarca de Verín	24	808		28		48			
Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento das Comarcas de do Deza e Tabeirós-Terra de Montes	667	101	0			20			
Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento da Comarca da Limia	25	817		30		39			
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	519	676				25			
Consortio de bibliotecas Universitarias de Galicia	246	4.601	1			3			
Consortio Instituto de Estudos Turísticos de Galicia	240	44				191			
Consortio Casco Vello de Vigo	232	244		67		0			
Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento de Lugo	82	4.679	0	0		7	0		
Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento de Pontevedra	60	2.884				450			
Total Orzamento de Gastos	39.071	40.268	7	125		7.757	0		
(Miles de Euros)									

CONSORCIOS PÚBLICOS	CAPÍTULOS								
ORZAMENTO DE INGRESOS	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística			1.176	2.910	5		4		
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar			8.600	49.115			6.604		
Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento Comarca de Valdeorras			83	873					
Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento Comarca de Verín			68	840					
Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento das Comarcas de do Deza e Tabeirós-Terra de Montes			104	681	3				
Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento da Comarca da Limia			80	831					
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia				1.218	2				
Consortio de bibliotecas Universitarias de Galicia				4.851					
Consortio Instituto de Estudos Turísticos de Galicia				284			191		
Consortio Casco Vello de Vigo				443	100		0		
Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento de Lugo			153	4.608	0		7		
Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento de Pontevedra			513	2.879	2				
Total Orzamento de Ingresos			10.777	69.534	111		6.806		
(Miles de Euros)									



CONSORCIO INSTITUTO DE ESTUDOS TURÍSTICOS DE GALICIA

PRESIDENCIA DA XUNTA

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2013 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

O Decreto 89/2007, do 19 de abril, polo que se crea o Consorcio Instituto de Estudos Turísticos de Galicia (IET Galicia) establece no seu obxecto inicial o desenvolvemento dunha serie de accións para contribuír ao desenvolvemento do sector turístico de Galicia, especialmente no ámbito da investigación e, en particular, en:

- estudo da capacidade competitiva das empresas turísticas e do sector turístico de Galicia.
- desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo.
- participación na transferencia de resultados de investigación entre os centros públicos de investigación e as empresas vinculadas ao sector turístico.
- fomento e desenvolvemento de investigación cooperativa entre empresas.
- análise estatística do desenvolvemento do sector turístico e as súas necesidades.
- prestación de asistencia ás entidades e empresas vinculadas ao turismo orientada á mellora da calidade do sector, preferentemente no tocante á difusión dos seus servizos, á organización da produción, ao cumprimento da lexislación vixente, entre outros.
- formación de formadoras ou formadores vinculados aos estudos turísticos, tanto desde o punto de vista teórico como práctico.

No Consello de Administración do Instituto de Estudos Turísticos, celebrado o día 8 de xullo de 2009, establecéronse as novas directrices polas que o Instituto se vai rexer e que amplían o obxecto inicial do IET:

- Consultoría e formación en materia turística a administracións públicas, Oficinas de Turismo, empresas, consorcios turísticos, padroados de turismo, outros para a mellora da calidade e da competitividade do sector e para a divulgación do coñecemento en temas de relevancia no turismo (incorporación das TICs, xestión medio ambiental do turismo sustentable, turismo accesible, turismo sénior...).
- Realización de estudos de oferta, de demanda, en destino, en orixe, de impacto económico e sociocultural do turismo, sectoriais estratéxicos da política turística galega (turismo termal, turismo de congresos, turismo gastronómico...).
- Retroalimentación constante para a Secretaría Xeral para a continua revisión das súas liñas de actuación, aposta en novos produtos, reformulación da política turística.
- Benchmarking continuo de outras CCAA/outros destinos.

- Ditar as estratexias de marketing de Turgalicia, que se refiren ás análises das compoñentes dos posibles produtos turísticos de Galicia, así como a función que desempeñan para un desenvolvemento integral da sociedade galega. Trátase en xeral, de planificar o turismo en Galicia e os distintos destinos, mediante a creación de paquetes turísticos. Este proceso ten que estar sometido a un constante proceso de actualización de datos da oferta e da demanda, un proceso de innovación tanto de produtos como de destinos e de contribuír o desenvolvemento integral de Galicia mediante o turismo.
- Determinar as fontes de información do ámbito do turismo a nivel rexional, nacional e internacional.
- Seleccionar a poboación de estudo e elaborar enquisas de recollida de datos, en función da información necesaria.
- Planificar e organizar o traballo de campo, para a recollida de datos.
- Crear bases de datos para a análise do turismo.
- Analizar datos tanto secundarios como primarios vinculados co turismo.
- Elaborar informes periódicos do turismo en Galicia.
- Formular e realizar estudos en orixe e en destino.
- Coordinarse con Observatorios Turísticos creados en Galicia.
- Coordinarse con equipos de investigación das universidades galegas que traballan no ámbito do turismo.
- Prospección de novos produtos e novos mercados.
- Calquera outra creativa e innovadora vinculada co desenvolvemento do turismo en Galicia.

O Instituto de Estudos Turísticos de Galicia ten que actuar como un mecanismo permanente e sistematizado de recompilación, tratamento, ordenación e divulgación da información precisa para os obxectivos de planificación, acción e avaliación turística para os distintos axentes turísticos públicos e empresariais de Galicia, e, sobre todo para a Administración Turística.

O obxectivo principal do IET Galicia é o de fornecer e potenciar o coñecemento do turismo, non só como actividade económica senón tamén como eixo estratéxico de desenvolvemento territorial, dando así resposta ás necesidades de información e análise do sector. O asentamento do Observatorio do Turismo en Galicia, como verdadeiro sistema integrado de información, análise e seguimento da actividade turística en Galicia, constitúe a ferramenta para acadar ese obxectivo prioritario.

Actuacións Detalladas para 2013

Excursionismo

Realización da enquisa de excursionismo co fin de obter o volume de excursións e o

gasto xerado polas mesmas, así como fixar, tendo en conta as particularidades da estrutura xeográfica galega, as definicións básicas asociadas ao fenómeno do excursionismo.

O IET Galicia abordou a reestruturación no 2010 da operación do Plan Galego de Estatística 2007-2011, (37102) Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León, Zamora e norte de Portugal, tal e como se recolle no Programa Estatístico Anual do 2010. No ano 2011 o IET Galicia faise cargo desta operación reformada, que presenta un novo cuestionario, nova metodoloxía de mostraxe -incrementando a frecuencia na toma de datos- e de estimación. Ao longo do 2012, comprobouse que estes cambios proporcionaron datos máis fiables no tocante ao volume de excursións e ao gasto xerado polas mesmas, o que permitiu o estudo da distribución do gasto e do volume de excursións ao longo do ano. Neste ano 2013 tentamos conseguir os mesmos resultados nesa mesma liña de traballo.

Enquisa de demanda turística de Galicia (Destino 2013)

A enquisa de Destino (37103 Análise estatística sobre o turismo. Enquisa en destino), recollida no Plan Galego de Estatística, é a principal fonte de información sobre comportamento do turista en Galicia. Permite coñecer desde o seu perfil ata os seus hábitos de gasto, pasando polas motivacións da viaxe a Galicia ou as actividades que realizou durante a súa estadía. É, polo tanto, a pedra angular na que se sustenta o coñecemento da demanda turística en Galicia. Esta operación era, ata o ano 2010, de carácter estival, o que supoñía unha clara limitación á hora de tentar coñecer as características do turista en Galicia en diferentes períodos do ano. A partir do 2010, no que se levaron a cabo importantes traballos de investigación e análise de datos en distintos puntos do territorio galego, tanto en períodos estivais como nos estivais, no ano 2011 o IET Galicia aborda unha completa reestruturación desta operación tal e como recollerá o Programa Estatístico Anual 2011. Esta ambiciosa remodelación da enquisa inclúe, entre outros factores, a ampliación do período de enquisamento, que pasa de ser estival a ser anual, un profundo cambio no deseño da mostraxe (lugares e tempos), cuadruplicándose o tamaño da mostra que pasa de 2.500 enquisas a 10.000, e a reformulación do cuestionario, de xeito que se garanta a comparabilidade coa enquisa estival nas variables máis relevantes.

A información recollida a través desta enquisa é a máis completa sobre a demanda turística en Galicia. Permite, entre outras cousas, obter por primeira vez información sobre os hábitos dos turistas dentro da nosa comunidade, non só no período estival senón ao longo de todo o ano, o que dará lugar a unha análise profunda e sobre todo nova do perfil do turista en Galicia. O abano de posibilidades que ofrece esta investigación permitirá dispor de información da demanda turística a distintos niveis, un elemento fundamental á hora da toma de decisións en materia turística.

O novo cuestionario fai fincapé na perspectiva económica do turismo, cunha completa sección destinada ao coñecemento do gasto, tanto en orixe coma en destino, propor-

cionando datos antes non dispoñibles para a medición do impacto económico do turismo. A información sobre o perfil e o gasto do turista poderá ser empregada con fins moi diversos, dende a medición do impacto económico, proxectos de desestacionalización do turismo, coñecemento das fortalezas e debilidades da oferta...

Nesa liña seguimos a traballar no 2013, coa finalidade de acadar a maior veracidade dos resultados da enquisa para que sexa unha fotografía da realidade.

Análise do movemento aeroportuario na Comunidade.

Como parte do labor de seguimento da conxuntura do sector turístico en Galicia, o Observatorio do Turismo vén de desenvolver nestes anos un traballo de análise do movemento aeroportuario na comunidade a partir dos datos que proporciona, neste caso, AENA para os tres aeroportos galegos. No 2013 continúaase con esta liña de acción, de recompilación dos datos e de análise da dinámica do movemento dos viaxeiros que entran e/ou saen de Galicia en avión, observando diferenzas con anos anteriores.

Esta liña de acción concreta, ademais de aportar elementos de análise á conxuntura turística de Galicia, serve de introdución ao proxecto que a continuación se menciona e comenta (Aeroportos 2013).

Aeroportos 2013. Estudo do perfil do viaxeiro.

Dando continuidade ao traballo iniciado en 2010 desenvólvese un estudo específico para observar o perfil do viaxeiro que se achega a Galicia por avión, traballo que neste 2013 pretende a súa consolidación como ferramenta de uso e traballo para todas aquelas institucións que o precisen.

No ano 2011 introducíronse varias novidades metodolóxicas coa pretensión de mellorar os resultados obtidos. En particular, a enquisa céntrase no estudo do comportamento dos non residentes en Galicia para obter máis e mellor información dos principais mercados turísticos da nosa comunidade.

Estableceuse, ademais, un protocolo de colaboración con Turismo do Porto e Norte de Portugal para homoxeneizar e sincronizar a enquisa que realiza no aeroporto de Sá Cameiro, de características similares á nosa, aspecto que permitirá coñecer os fluxos turísticos que se xeran nun e noutro lado do río Miño vía aeroporto –viaxeiros de Sá Cameiro que visitan Galicia e viceversa-.

A programación da enquisa é similar a dos anos precedentes, isto é, mantense a secuencia dunha por trimestre ata completar un total de catro tomas de datos no ano –cun mínimo de 900 enquisas por trimestre-.

Este estudo permitirá coñecer de xeito diferenciado as dinámicas e motivacións dos

usuarios de cada aeroporto, o que proporciona un plus de coñecemento na toma de decisións. Tamén neste caso cobra especial relevancia neste proxecto o deseño temporal da enquisa, tanto no tocante ás semanas escollidas como a elección de criterios (segundo orixe, horario e tipo de día) para a clusterización dos voos.

Cruceiros. Elaboración dun estudo do gasto dos viaxeiros de cruceiros e análise dos resultados.

Esta liña de acción iníciase como resposta a unha necesidade deste segmento da demanda por coñecer o perfil do viaxeiros de cruceiros, o seu comportamento no destino, o nivel de gasto que realiza e, finalmente, a valoración e satisfacción da súa visita á nosa comunidade.

Esta liña de traballo contempla a realización dunha enquisa dirixida aos pasaxeiros de cruceiros que fan escala nas cidades de Ferrol, A Coruña, Vilagarcía de Arousa e Vigo no ano 2012-2013. O traballo de campo desenvolveríase nas proximidades dos portos correspondentes e nas horas do día previas ao embarque, unha vez que rematou a súa visita tanto nas respectivas cidades como noutros puntos da comunidade. Previo permiso da Autoridade Portuaria pertinente, e en coordinación con eles, realizaríase a enquisa a unha mostra aleatoria dos pasaxeiros de cruceiros.

Obtención de información relativa ao turismo no ámbito de Galicia dos organismos estatais correspondentes

Unha parte relevante da información turística dispoñible para Galicia procede de fontes de carácter estatal, fundamentalmente de dúas concretas: o Instituto Nacional de Estadística (INE), e o Instituto de Estudios Turísticos (IET).

O INE na actualidade proporciona datos de ocupación en diferentes establecementos de aloxamento regrado de Galicia, relativos ao conxunto da comunidade, ás provincias e a algunhas zonas e puntos turísticos concretos. Para completar esta oferta xeral desde o IET Galicia solicitáronse nestes anos pasados algunhas explotacións ad hoc, como as relativas ás categorías de hoteis, e a zonas turísticas avaladas por algún plan de dinamización recente ou en vigor, ampliando desta maneira os contidos que ofrece directamente o propio INE.

Para este próximo ano 2013 está previsto seguir ampliando aínda máis a información relativa á ocupación dos establecementos de aloxamento regrado de Galicia (establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural) coa solicitude de nova información máis precisa e concreta que permita ter un mellor coñecemento da conxuntura turística neste segmento da oferta.

Solicitaranse, sempre e cando as limitacións de segredo estatístico e representatividade o permitan, explotacións asociadas aos xeodestinos, ampliación de información para os destinos urbanos da comunidade –análise por categorías e de rendibilidade do sector–,

datos relativos á Encuesta de Población Activa (EPA) fundamentais para os estudos de impacto económico, e outros.

Outra das fontes de información que nutre de datos ao Observatorio do Turismo en Galicia é o Instituto de Estudos Turísticos, pertencente a Turespaña. Este organismo desenvolve desde hai varios anos varias operacións estatísticas destinadas a medir e coñecer tanto o turismo receptor –FRONTUR- como o nacional –FAMILITUR- dentro de España, así como outras específicas como o gasto dos estranxeiros. Estas e outras liñas de acción xeran datos por comunidades autónomas, circunstancia que serve ao Observatorio para completar e mellorar o coñecemento dos fluxos turísticos en Galicia.

Finalmente, unha última fonte consultada é Turespaña, que realiza diversos estudos sectoriais e de perfil da demanda, aos que o IET Galicia ten acceso pola súa subscrición á Área para Profesionales.

Elaboración de informes de ocupación no segmento do aloxamento regrado (hoteleiro e extrahoteleiro), para Galicia e diversos destinos da comunidade.

Un dos obxectivos que sustentan ao Observatorio do Turismo de Galicia é o de xerar información e coñecemento a partir de datos obxectivos, aportando un valor engadido ao sistema de información da comunidade. Neste sentido, deposita moitos dos seus esforzos na análise e interpretación dos datos co fin de realizar unha avaliación completa e exhaustiva da realidade do sector.

Dando continuidade ao traballo iniciado en anos anteriores, unha das liñas de traballo do Observatorio do Turismo de Galicia é a elaboración de informes de conxuntura nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade (hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural).

É o noso propósito que, neste 2013 os informes de conxuntura estean referidos ao conxunto da comunidade, mais tamén inclúan diferentes análises específicas por provincias, zonas turísticas e destinos urbanos.

Análise da ocupación nos establecementos de turismo de saúde

Como continuidade ao traballo que o IET Galicia vén desplegando, o Observatorio do Turismo de Galicia inclúe unha liña de traballo específica para medir con carácter mensual o nivel de ocupación nos establecementos de turismo de saúde da comunidade, complementando desta maneira a análise que se realiza sobre o conxunto da oferta de aloxamento regrado.

Esta liña de acción contempla a realización dunha enquisa telefónica a todos os establecementos de turismo de saúde de Galicia destinada a coñecer o número de viaxeiros,

pernoitas e ocupación nos mesmos. Realízase con periodicidade mensual, e os datos incorpóranse posteriormente a unha base común para extraer análises de conxuntura neste segmento concreto da oferta de aloxamento.

Análise do tecido empresarial no sector turístico en Galicia.

Unha análise do sector turístico en Galicia necesita dun estudo previo sobre as empresas turísticas, clasificándolas e representando o seu reparto xeográfico en Galicia

Respondendo a esta necesidade, lévase a cabo unha análise da información referida ao tecido empresarial do sector turístico galego, subministrando datos básicos de tamaño, localización e importancia económica da actividade turística ao longo do territorio galego así como unha comparativa co tamaño e tipo de empresa en España. Empréganse diferentes fontes de información para o mesmo, como rexistros e directorios no ámbito do sector turístico en Galicia.

Esta estudo tamén leva a cabo unha análise xeográfica sobre a distribución de empresas, así como a distribución de prazas nos establecementos de aloxamentos.

Oficinas de Turismo.

Continuación co proxecto de implementación dun sistema homoxéneo e estandarizado de recollida, tratamento e análise da información estatística que se obtén nas oficinas de turismo espalladas ao longo da xeografía de Galicia. Neste mesmo ámbito, e co fin de coñecer de primeira man os traballos dos observatorios de referencia en Galicia, realizáranse unha serie de contactos que permitan o intercambio de información, experiencias e proxectos con outros observatorios.

No ano 2013 preténdese dar continuidade a esta iniciativa, ampliando o número de oficinas participantes desta iniciativa e mellorando os procesos de recollida e tratamento dos datos estatísticos, sentando desta maneira un precedente para a futura Rede de Oficinas de Turismo de Galicia. O Observatorio coordinará, por tanto, a metodoloxía e o deseño do cuestionario, e levará a cabo os labores de seguimento na recollida de datos, e análise con obtención de resultados finais.

Conta Satélite do Turismo en Galicia

Elaboración dos estudos necesarios para o coñecemento e análise da evolución da actividade turística en Galicia.

A Conta Satélite do Turismo de Galicia (CSTG) é unha operación elaborada dende o Instituto de Estudos Turísticos de Galicia, que emprega a información que provén das Contas Económicas de Galicia elaboradas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), e que é complementada con información que provén doutras fontes, tanto propias do IET Galicia como doutros organismos.

O obxectivo da CSTG é ofrecer unha representación cuantificada da realidade económica do turismo na comunidade galega, dun xeito sistemático, sinxelo, detallado e

adaptada, na medida do posible, aos conceptos, definicións e clasificacións que figuran no manual da Conta Satélite do Turismo elaborado pola Organización Mundial do Turismo.

A Conta Satélite do Turismo de Galicia está composta por un conxunto de contas e táboas, baseadas nos principios metodolóxicos da contabilidade nacional, que presenta os distintos parámetros económicos do turismo en Galicia, para unha data de referencia dada. Comprende tres tipos de elementos:

- Contas e táboas de oferta, nas que se trata de caracterizar a estrutura de produción e custos das empresas turísticas.
- Táboas de demanda, nas que se trata de caracterizar, dende o punto de vista económico, os diferentes tipos de turistas, o turismo nacional fronte ao internacional, o tipo de bens e servizos demandados, etc.
- Táboas que relacionan a oferta coa demanda, as cales permiten obter unhas medicións integradas que aportan do turismo á economía a través de variables macro como o PIB, a produción ou o emprego.

Os traballos para a elaboración da CSTG iniciáronse no 2010 e durante o ano 2013 continuarase cos mesmos.

Estudo do mercado de traballo do sector turístico en Galicia.

O mercado de traballo en Galicia esta a ser analizado mediante o emprego de diferentes fontes de información. A Enquisa de Poboación Activa é unha operación que elabora o Instituto Nacional de Estatística, e que permite analizar polo miúdo o emprego nas ramas características do turismo. O IET Galicia neste próximo ano 2013 seguirá a analizar a información referida ao turismo en Galicia, para ser posteriormente publicada na WEB do propio instituto, dentro do Observatorio do Turismo de Galicia.

Análise do turismo dentro das Contas Económicas de Galicia.

O Instituto Galego de Estatística elabora e publica as Contas Económicas de Galicia, e a partir das mesmas o Instituto de Estudos Turísticos de Galicia analiza a información referida á rama da Hostalería. Esta información é publicada na WEB do IET Galicia, dentro do Observatorio do Turismo de Galicia, permitindo a comparación do tamaño da rama de hostalería no conxunto da actividade económica de Galicia. Ademais diso, tamén se publica a información da Contabilidade Rexional de España, elaborada polo Instituto Nacional de Estadística.

Observatorio do Camiño

O Camiño de Santiago segue sendo o gran reclamo cultural e turístico de Galicia,

aportando unha singularidade clave do noso destino. Ano tras ano vense consolidando como un dos grandes produtos turísticos da comunidade, circunstancia que se acentúa de forma importante xustamente nos Anos Xacobeo.

Co fin de poder consolidar unha estrutura de investigación e análise por modelos ou produtos turísticos, o IET Galicia promove dende o ano 2012, no marco do Observatorio do Turismo, unha liña específica destinada a analizar o comportamento da oferta e demanda do Camiño de Santiago –Observatorio do Camiño. Neste próximo 2013, o IET Galicia pretende absorber definitivamente o proxecto actualmente en vigor, consolidando as accións que se viñan desenvolvendo ata o momento e incorporando outras novas de cara a obter un maior e mellor coñecemento do Camiño de Santiago como produto turístico e cultural. Isto inclúe, basicamente, dúas ópticas de estudo: i) unha cuantitativa, na que se fai un seguimento periódico –mensual- do volume de peregrinos que realizan o Camiño, distinguindo por diferentes variables de análise –utilízase, para iso, varias fontes de información que previamente se avaliarán e mellorarán desde o punto de vista metodolóxico-, e ii) outra cualitativa, na que se pretende coñecer o perfil de comportamento da demanda –peregrinos- e oferta –servizos turísticos- do Camiño.

En definitiva, o Observatorio do Camiño pretende poñer en marcha diferentes liñas de traballo tendentes a coñecer coa maior profundidade posible o Camiño de Santiago como produto turístico e cultural.

Soporte técnico, asistencia aos usuarios e seguemento, para o software de xestión de pequenos establecementos hostaleiros.

Na procura dunha mellora da calidade e da competitividade do sector turístico fixouse a atención no sector das pensións en Galicia. É un segmento con un amplo número de establecementos, onde existe un claro marxe de mellora. No 2012 materializouse esta ferramenta informática e levouse a cabo un proxecto inicial para o desenvolvemento e posta en marcha de xeito piloto dun software baseado en código aberto, de xestión de pensións; ao mesmo tempo que se programou un curso para formar no uso deste software aos destinatarios da iniciativa. Deste xeito os xerentes das pensións poderán sacar ao máximo partido á ferramenta de xestión que se lles proporciona, mellorando a eficiencia e calidade do servizo.

Neste senso no 2013 a nosa liña de traballo estenderase ós pequenos establecementos hostaleiros e casas de Turismo Rural, proporcionando dende o IET Galicia todo o apoio necesario para que o seu uso se universalice ao longo da nosa Comunidade Autónoma.

Xornadas de formación para investigadores no sector turístico e para profesionais dos medios de comunicación.

Por unha banda, e debido á natureza multidisciplinar dos investigadores en turismo

(xeógrafos, economistas, diplomados en turismo, ...), é unha realidade que a formación en novas tecnoloxías e ferramentas de análise e tratamento de datos é moi diversa e en ocasións insuficiente.

Esas xornadas que son propostas para 2013, pretenden proporcionar formación aos investigadores no ámbito turístico, no tocante a distintas ferramentas de análise de datos, destacando as múltiples posibilidades que ofrecen, e primando aquelas ferramentas baseadas en código aberto.

Os medios de comunicación son axentes principais na difusión da información no ámbito do turismo. Neste labor xogan o papel de demandantes e usuarios desa información. Por iso, o IET Galicia entende de grande interese facer unha aproximación tanto aos coñecementos e ferramentas estatísticas necesarias para a análise dos datos do turismo, como ás fontes de información existentes, co fin de que os medios de comunicación poidan dispor de material de análise e obtención de datos con maior rigor e precisión.

Por outra banda con esta tipoloxía de xornada búscase, por tanto, mostrar e por en común as principais ferramentas e directrices na análise e interpretación da información estatística en turismo, dar a coñecer conceptos básicos, tanto do campo da estatística como do turismo, necesarios á hora de analizar e traballar coa información facilitada por diferentes fontes, coñecer xustamente as principais fontes de información estatística en turismo e, finalmente, analizar e debater sobre as limitacións e os problemas que xorden á hora de traballar con información en turismo.

Mantemento e mellora da páxina Web do IET Galicia.

Unha das metas do Observatorio Turístico de Galicia é a difusión áxil e clara e a posta en valor da información que poida ser útil a todos os axentes implicados na actividade turística. Este obxectivo ten como eixo clave o redeseño no 2013 da web do IET Galicia.

